

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO.
SERVIZO DE ENERXÍAS RENOVABLES E INFRAESTRUTURAS do DPTO. TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Nicolás Lorenzo Montes. Director territorial de Pontevedra.
Avenida M.ª Victoria Moreno núm. 43 – 4º andar, 36071 Pontevedra.

Asunto:

Alegación ao ANUNCIO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO da XUNTA DE GALICIA do ACORDO do 27 de xaneiro de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto dos parques eólicos Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014), situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026), situada nos concellos de Oia, Baiona e Gondomar.

D/Dª _____ con DNI. Núm. _____

con domicilio para notificacións en _____

C.P. _____, concello de _____ NIGRÁN, provincia PONTEVEDRA,

teléfono _____.

EXPOÑO:



ALEGACIÓN pola que procede a DECLARACION DE IMPACTO AMBIENTAL (DIA) DESFAVORABLE para o conxunto de Proxectos Industriais Eólicos **Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014),** situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026), situada nos concellos de Oia, Baiona e Gondomar.

Tendo en conta que no mesmo marco xeográfico foran no seu día promovidos os Proxectos Industriais Eólicos **ALBARIÑO I, TORROÑA I, TOROÑA e MERENDÓN,** todos eles definitivamente anulados porque as súas respectivas **DIA,s** resultasen **DESFAVORABLES.** Tendo en conta ademáis que nese mesmo espazo existiron outros dous Proxectos Industriais Eólicos, **ROSAL e TORROÑA III,** que decaeron en fases iniciais dos seus respectivos procedementos administrativos por **DESISTENCIA** das súas promotoras.

Sendo os novos proxectos MARGARITA 18, COTE 25, NAO 19 , GALERA 25 e a súa LAT de evacuación de similares características aos anteriormente citados **ALBARIÑO I, TORROÑA I, TOROÑA, MERENDÓN, ROSAL e TORROÑA III,** compartindo o mesmo territorio e con similares afectacións no entorno, resulta procedente e indiscutible a **DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DESFAVORABLE** de todo o conxunto.

Detalle do conxunto de Proxectos Industriais propostos:

Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014), situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026)



PE ALBARIÑO I (Expediente 2020/0241):

DIA DESFAVORABLE publicada no DOG 22/09/2022 na que se recolle a Resolución do Servizo de Avaliación de Proxectos da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

DIA DESFAVORABLE!

VI. ANUNCIOS
AJ ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 8 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Albariño I, nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra) (expediente 2020/0241).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 7 de setembro de 2022, do proxecto do parque eólico Albariño I, nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra), promovido por Cadica Hispania, S.L.U.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:
<https://cmatu.xunta.gal/resolucions-da-avalacion-ambiental-de-proxectos-e-nas-dependencias-da-direccion-xeral-de-calidade-ambiental-sostibilidade-e-cambio-climatico-sitas-en-santiago-de-compostela> e da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)


Conforme
Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable para o proxecto do parque eólico Albariño I, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO ALBARIÑO I
EXPEDIENTE 2020/0241
Páxina 8 de 9

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA | Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático | Xacobeo 21-22



PE TOROÑA (Expediente 2021/0058):

DIA DESFAVORABLE publicada no DOG 16/112023 na que se recolle a Resolución da D.X. de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

DOG XUNTA DE GALICIA

DOG Núm. 218 Xoves, 16 de novembro de 2023 Páx. 63277

PE TOROÑA
(Baiona, Oia e Tomiño)

VI. ANUNCIOS
A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 3 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do Parque Eólico Toroña nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra) (expediente 2021/0058).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 214, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, o 2 de novembro de 2023, do proxecto do parque eólico Toroña, nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra), realizado por LIXZ2030 Toroña, S.L.

A dita declaración pódese consultar na seguinte dirección:

<https://cmatv.xunta.gal/portal/la-avaliacion-ambiental-de-proxectos> nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa, 01500) e na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (San Castiño, s/n, planta 4ª andar, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023.

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

3.-PROPOSTA.

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, e á vista de que se desprende dos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación aos bens patrimoniais que se verían afectados pola infraestrutura do parque eólico, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en canto aos impactos acusados do proxecto sobre a conservación dos hábitats das especies de aves rapaces existentes no entorno e o efecto de tipo baleiro e/ou barreira sobre esta avifauna, da Dirección Xeral de Saúde Pública en relación a os efectos do ruído e parpadeo de sombras sobre a saúde das persoas, e do Instituto de Estudos do Territorio en canto o impacto visual dos aerogeneradores na paisaxe, considérase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable, polo que se propón formular unha declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Manuel Díaz Cano (asinado electronicamente)

PE TOROÑA (Baiona, Oia e Tomiño) DIA DESFAVORABLE (DOG 16/11/2023)

Asinado por: DÍAZ CANO, MANUEL
Cargo: Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Data e hora: 31/10/2023 09:40:10

Resolve:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto parque eólico Toroña, nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia farase pública esta declaración de impacto ambiental que estará dispoñible na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo para os efectos do artigo 42 da lei de avaliación ambiental.

De acordo apartado 4, do artigo 41 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, (na data de sinatura electrónica)

A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
María Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)



DESFAVORABLE !

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO TOROÑA
CLAVE: 2021/0058

Páxina 8 de 8

Asinado por: PÉREZ CASTELLANOS, MARIA
Cargo: Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Data e hora: 02/11/2023 12:51:31


QR
Díaz Cano, Manuel
Código QR para validar a sinatura electrónica
Validación: <https://sede.xunta.gal/validar>



PE TORROÑA I (Expediente 2020/0176):

DIA DESFAVORABLE publicada no DOG 28/02/2024 na que se recolle a Resolución da D.X. de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

DOG



XUNTA DE GALICIA

DOG Núm. 42

Mércores, 28 de febreiro de 2024

Páx. 16154

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 19 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Torroña I, nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra) (expediente 2020/0176).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 11 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 19 de febreiro de 2024, do proxecto do parque eólico Torroña I, nos concellos de Baiona, Oia e Tomiño (Pontevedra) promovido por Desarrollos Renovables del Norte, S.L.U.

A dita declaración poderase consultar na seguinte dirección:

<https://cmatv.xunta.gal/ru/consultas-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa) e da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación (Santiago de Compostela, s/n, bloque 5, cuarto andar, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2024

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Calidade
Ambiental, Sostibilidade e
Cambio Climático

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO TORROÑA I, NOS CONCELLOS DE BAIONA, OIA E TOMIÑO (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR DESARROLLOS RENOVABLES DEL NORTE, SLU (CLAS. 2020/0176)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente segundo o Decreto 42/2014, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, cuxa continuación se transcribiu:

Conforme
Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLUCIÓN

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do PE Torroña I nos termos propostos polo Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 11 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitirase ao órgano responsable para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co establecido no artigo 41 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non dará lugar a recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do procedemento.



Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

Asinado por: CAMIÑO SOTO, JUAN MANUEL
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
Data e hora: 13/02/2024 13:21:28

Asinado por: DIAZ CANO, MANUEL
Cargo: Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Data e hora: 13/02/2024 13:38:22

Asinado por: PÉREZ CASTELLANOS, SAGRARIO
Cargo: Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Data e hora: 19/02/2024 13:38:22



PE MERENDÓN (Expediente 2022/0140):

DIA DESFAVORABLE publicada no DOG 04/11/2022 na que se recolle a Resolución da D.X. de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

DOG



DOG Núm. 210

Venres, 4 de novembro de 2022

Páx. 58004

Escoitar

VI. ANUNCIOS

PE MERENDÓN DIA DESFAVORABLE!

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 20 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Merendón, nos concellos de Oia e O Rosal (Pontevedra) (expediente 2022/0140).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, o 19 de outubro de 2022, do proxecto do parque eólico Merendón, nos concellos de Oia e O Rosal (Pontevedra), promovido por Tiraventos, S.L.

A dita declaración poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n) e da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Parque eólico MERENDÓN

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA | Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático | Xacobeo 21-22

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO MERENDÓN, NOS CONCELLOS DE OIA E O ROSAL (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR TIRAVENTOS, S.L. (CLAVE 2022/0140).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, exerce as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 122/2018, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

CONFORME:
Juan Manuel Camiño
Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE:
Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Merendón, nos termos propostos no Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e remitiráselle ao órgano substantivo dos efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización ambiental das instalacións.


De acordo co artigo 41 da Lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non se somete a recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xurda do fronte ao acto de resolución substantiva do procedemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO MERENDÓN
CLAVE: 2022/0140

Páxina 11 de 11



PE ROSAL (Expediente 2020/046):

DESISTENCIA. Resolución da D.X. de Planificación Enerxética da Consellería de Economía da Xunta de Galicia.



PE ROSAL

Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se declara a desistencia da solicitude do parque eólico Rosal, sito no concello de O Rosal (Pontevedra) promovido por Green Capital Development VIII SL (expediente IN408A/2020/046).

RESOLVO

Única. Declarar a desistencia de Green Capital Development VIII SL da súa solicitude do 10.03.2020 relativa a solicitude de autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para o parque eólico Rosal.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Santiago de Compostela (asinado dixitalmente)

O director xeral de Planificación Enerxética
e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

PE TORROÑA III (Expediente 2020/046):

DESISTENCIA. Resolución da D.X. de Planificación Enerxética da Consellería de Economía da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN
Dirección Xeral de Planificación Enerxética
e Recursos Naturais

Edificio. Advo San Caetano s/n, Bloque 5 – 4ª Planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

PE TORROÑA III

Desistencia 05/05/2021

Asunto: Proposta de Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se acepta a desistencia á solicitude do Parque Eólico Torroña III, sito nos concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar (Pontevedra) e promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte S.L.U (expediente IN408A 2020/045).

Examinado o expediente iniciado por Desenvolvementos Renovables del Norte S.L.U en relación coa solicitude de autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica e as súas infraestruturas de evacuación para o proxecto denominado parque eólico Torroña III (en diante o parque eólico) ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. (DOG nº 203 de 25 de outubro de 2017), e modificada pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia constan os seguintes

De acordo co exposto, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Subdirección Xeral de Enerxía

PROPÓN

Primeiro. Aceptar a desistencia á solicitude e arquivar o expediente do Parque Eólico Torroña III derivado da solicitude do 9.03.2020, sito nos concellos de Baiona, Oia, Tomiño e Gondomar (Pontevedra) e promovido por Desenvolvementos Renovables del Norte S.L.U (expediente IN408A 2020/045).

Segundo. Cancelar a garantía económica depositada por Desenvolvementos Renovables del Norte S.L.U. na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia con número de rexistro 1345/19 e importe de 1.920.000 € para responder das súas obrigas en relación coa tramitación do procedemento de solicitude de acceso e conexión á rede de distribución do parque eólico Torroña III.

PE TORROÑA III

Desistencia 05/05/2021


Asinado dixitalmente tal e como se indica na marxe

Asinado por: CARBALLIDO REBORDO, MARIA
R.U.O.E.: Xefa de Servizo
Cargo: Xefa de Servizo
Data e hora: 04/05/2021 15:45:15


CVE: 7nECwZok1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>




Detalle da poligonal do Proxecto Industrial Eólico TORROÑA III (Expediente 2020/046)



Detalle da superposición de das poligonais e solapamento dos Proxectos Industriais Eólicos **ALBARIÑO I**, **TOROÑA**, **TORROÑA I**, que obtiveron DIA DESFAVORABLE polas graves e irreparables afeccións medioambientais que suporían, cos novos **MARGARITA 18**, **COTE 25**, **NAO 19 E GALERA 25**.



Composición completa da **ACUMULACIÓN DE PROXECTOS INDUSTRIAIS EÓLICOS** no conxunto **SERRA DA GROBA-O ARGALLO**



Por todo o anteriormente exposto **SOLICITO**:

Que **teña por presentado** este escrito e por formulada esta **alegación** que se presenta en tempo e forma, que **sexa estimada** as mesma e que en consecuencia **se desestime** a **solicitud** de **autorización administrativa previa** e de **construción e aprobación do proxecto e declaración de utilidade pública** do proxecto dos parques eólicos **Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012)**, **Cote 25 (expediente IN408A 2024/013)**, **Nao 19 (expediente IN408A 2024/011)**, **Galera 25 (expediente IN408A 2024/014)** por resultar a súa **DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DESFAVORABLE**.

OUTROSÍ DÍGO:

Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

Nigrán. 17 de marzo de 2026

Asdo.: _____